



**CONVENIO DA SUBVENCIÓN EXCEPCIONAL OUTORGADA POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO Á ASOCIACIÓN CULTURAL GAIA DE LEA CO OBXECTO DE COLABORAR NO PROXECTO DENOMINADO “CASTRO NA MEMORIA”, ANO 2017.**

En Lugo, a        de                      de 2017

**INTERVEÑEN**

Dunha parte, don Darío Campos Conde, Presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo, con CIF P-2700000I e sé social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, e no seu nome *don Álvaro Santos Ramos*, Deputado Provincial en representación da Excma. Deputación Provincial de Lugo en virtude de delegación de sinatura aprobada por resolución de data 24-02-2017 (Decreto número 0402/2017).

E doutra *dona Tania Fernández Lombao* con NIF 33.552.514-E, na súa condición de representante, actúa en nome e representación da Asociación Cultural Gaia de Lea, en adiante Entidade beneficiaria, con CIF G-27463736 e con sé social en Os Curros, 13. Castro Ribeiras de Lea, 27260 (Lugo), con poderes suficientes para a celebración deste acto.

Ante *don Cristóbal Víctor Fraga Bermejo*, como Secretario da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente a capacidade xurídica necesaria para a formalización do presente convenio de subvención excepcional aceptando reciprocamente as representacións en cuxa virtude actúan, de común acordo,

**MANIFESTAN**

**Primeiro:** Que no Plan Estratéxico de subvencións da Deputación de Lugo, para o ano 2017-2019, aprobado polo Pleno do Organismo Provincial con data 23 de xuño de 2017, prevese na súa liña 5.2.c) titulada “Outras actuacións específicas”, das recollidas na área de Turismo e Cultura (servizo de Cultura) a concesión de subvencións relacionadas coa cultura, que encaixen dentro da competencia da Deputación Provincial de Lugo, de acordo co artigo 3.2 da Lei de 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia que establece que “as entidades que integran a administración local en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen os deberes de protexer, difundir e fomentar seu valor cultural”. A través desta liña preténdese satisfacer as demandas culturais do conxunto da cidadanía e a potenciación e conservación da cultura en todas as súas vertentes.

**Segundo:** Que a Presidencia da Deputación mediante Decreto de data        de        de 2017, prestou aprobación á subvención de 10.385,57 € a conceder á Asociación Cultural Gaia de Lea co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto denominado “Castro na Memoria”, no ano 2017, podéndose atopar incluída nos obxectivos específicos da liña 5.2.c) do Plan estratéxico de subvencións da Deputación de Lugo para o ano 2017 – 2019.

**Terceiro:** Que existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ás obrigas económicas derivadas da subscripción do presente convenio na aplicación orzamentaria 3340.789 do vixente orzamento provincial, polo importe de 10.385,57 €.

**Cuarto:** Que a entidade beneficiaria ten achegado a documentación acreditativa da súa condición de beneficiario, segundo o art. 13 da Lei xeral de subvencións.

E baseándose en tales antecedentes ambas as dúas partes consideran oportuno establecer este convenio con arranxo ás seguintes:

**CLÁUSULAS:**

**Primeira.- Obxecto do convenio**

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Entidade beneficiaria e a Deputación de Lugo coa finalidade de que o Organismo Provincial subvencione esta Entidade



beneficiaria cunha axuda económica que lle permita financiar os gastos derivados do proxecto denominado “Castro na Memoria”, no ano 2017.

## **Segunda.- Competencia na que se fundamenta a actuación subvencionada.**

Esta subvención como técnica de intervención administrativa, forma parte da actividade de fomento e ten por obxecto promover a realización dunha actuación de interese público, que entra dentro do ámbito das competencias atribuídas á Deputación de Lugo.

Segundo o establecido no artigo 36.1 LBRL, son competencias propias da Deputación as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas, nos diferentes sectores da acción pública e en todo caso, entre outras a que se menciona no apartado d) do devandito artigo, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

## **Terceira.- Orzamento de execución da actuación subvencionada e gastos subvencionables.**

O orzamento total, inicialmente previsto, de execución da actuación ascende á cantidade total de 10.935,57 €, de acordo co presuposto achegado coa solicitude que obra no expediente.

A contratación de persoal para o desenvolvemento do devandito proxecto non implica ningunha relación laboral entre estes traballadores/as e a Deputación, polo que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos feitos acaecidos durante o desenvolvemento das actuacións, obxecto do presente convenio.

Considéranse gastos subvencionables os gastos que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro da anualidade 2017.

Para os efectos do disposto no artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención. O gasto realizado debe acreditarse coa presentación das facturas e /ou xustificantes de gasto oportunos, sendo necesario que os mesmos estean pagados e que se acredite o seu pagamento.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

## **Cuarta.-Achegas e compromisos das partes**

Para a consecución do obxecto do presente convenio, as partes subscribintes conveñen no seguinte réxime de achegas e compromisos.

### **A. A Entidade beneficiaria comprométese a:**

Á realización da actuación subvencionada e ao pagamento de cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar o cumprimento das actividades a desenvolver en virtude do presente convenio, así como a obtención de todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución que serán por conta de Entidade beneficiaria.

A Entidade beneficiaria deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias e respecto da Seguridade Social. A devandita circunstancia deberá acreditarse no momento da sinatura do convenio, ao se efectuaren os pagamentos, e, en xeral, durante toda a vixencia do mesmo ata a súa total liquidación e extinción.

Queda obrigada a incorporar nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade subvencionada, os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que deberá solicitarllos ao Gabinete de Comunicación do Ente Provincial.



A Entidade beneficiaria deberá comparecer, por medio dos seus representantes legais ou persoa na que deleguen, á presentación institucional que se organice pola Deputación no Pazo Provincial ou de xeito descentralizado, quen será convidada a intervir en cantos actos públicos se celebren con posterioridade.

A Entidade beneficiaria autoriza, coa sinatura do presente convenio, á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir polos medios ou canles que considere axeitado, a actividade subvencionada, e a súa condición de financiadora.

O incumprimento destas condicións será causa de perda da axuda concedida por incumprimento das obrigas do beneficiario, de conformidade co sinalado nos artigos 14, 18.4 e concordantes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

## **B. A Excm. Deputación Provincial de Lugo comprométese a:**

Subvencionar a actividade cunha cantidade de 10.385,57€

A cantidade sinalada anteriormente non é un importe certo, fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que polo menos, o 5 % da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.

En caso de incumprimento do previsto no parágrafo anterior, procederase á redución da parte proporcional da achega económica provincial.

En ningún caso o importe da subvención concedida poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados supere o custo total da actividade subvencionada.

Non se aborará a subvención se o beneficiario non está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

### **Quinta.- Subcontratación da actuación subvencionada**

O beneficiario poderá subcontratar con terceiros ata o cen por cento do importe da actividade subvencionada. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que aumentando o custo da actividade subvencionada non acheguen valor engadido ao seu contido.

A realización da actividade subvencionada será obriga persoal do beneficiario sen outras excepcións que as establecidas no presente convenio e dentro dos límites da LXS e RLXS.

No caso de que a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e o dito importe sexa superior a 60.000,00 €, a subcontratación estará sometida aos requisitos previstos no artigo 29.3 da LXS (que o contrato se celebre por escrito e que sexa autorizado, previamente, pola Deputación de Lugo).

Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a súa contía e eludir cumprir os requisitos esixidos no apartado anterior.

A subcontratación da actividade subvencionada non poderá ser concertada con persoas ou entidades nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:

1. Que estean incursas nalgunha das prohibicións establecidas na Lei xeral de subvencións
2. Que percibiran outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación
3. Que sexan intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custo total da operación, a menos que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou os servizos prestados.
4. Que estean vinculadas co beneficiario
5. Que sexan solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa e que non obtivera subvención por non reunir os requisitos ou non alcanzar a valoración suficiente.

No caso de que a entidade subcontratada estea vinculada co beneficiario deberá cumprirse o seguinte:

- a) Que se obteña a autorización previa da Deputación de Lugo



- b) Que o importe subvencionable non exceda o custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.

De conformidade co establecido no artigo 14 da LXS, apartado 1, a), o beneficiario será responsable de cumprir o obxectivo, de executar o proxecto, de realizar a actividade ou de adoptar o comportamento que fundamenta a concesión desta subvención.

Os contratistas quedarán obrigados só ante o beneficiario, quen asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración (art. 29.5 da LXS).

#### **Sexta.- Control económico, supervisión, seguimento e inspección da actividade subvencionada.**

O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actividade subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o seu regulamento e na Ordenanza xeral de subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo e nas bases do orzamento xeral vixentes.

#### **Sétima.- Promoción da actuación subvencionada**

A Entidade beneficiaria deberá facer constar expresamente que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo en todas aquelas actuacións e en calquera tipo de soporte, que se deriven da execución do presente convenio, de acordo co establecido no artigo 31 do Regulamento da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de uso da lingua galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2017, o beneficiario desta subvención deberá cumprir o requisito de facer en galego, en calquera soporte, as campañas publicitarias e de promoción de actividades (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actividades deportivas, festivais, campionatos, etc.) nas que dalgún xeito colabore esta Deputación Provincial.

#### **Oitava.- Respecto aos dereitos e liberdades fundamentais**

Calquera actuación, consecuencia da actividade subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá traer consigo a suspensión da subvención concedida e a súa revogación e reintegro no seu caso.

#### **Novena.- Xustificación e aboamento das subvencións**

Unha vez finalizada a actividade, acción ou actividade, a entidade beneficiaria deberá xustificar a realización da finalidade da actividade subvencionada. O incumprimento do prazo dará lugar á perda do dereito a percibir a subvención outorgada e, no caso de ter solicitado anticipo, ao reintegro da cantidade aboada en concepto de anticipo, así como as demais responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións e demais normativa de aplicación.

A xustificación da subvención realizarase de acordo co disposto no art. 30 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o seu regulamento, na Ordenanza xeral de subvencións da Excma. Deputación Provincial e do INLUDES (arts. 19 e s.s.) e na Base 24 das do orzamento xeral vixente.

A xustificación da subvención realizarase mediante a achega, por parte da entidade beneficiaria, da seguinte documentación xustificativa:

- Solicitud debidamente cuberta
- Memoria da actividade xustificativa en cumprir as condicións impostas no convenio, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos, debidamente asinada pola persoa responsable.
- Memoria económica xustificativa do custo da actividade subvencionada, que conterá:
  - Declaración do custo total da actividade subvencionada, indicando os importes do financiamento (debendo constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade).



Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento (debe constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade).

No caso de relacionarse nóminas deben vir detallados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

Soamente será necesario indicar as datas de pagamento das facturas que se lle imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación á que fai referencia o parágrafo anterior achegándoas polo custo total da actividade. Os documentos acreditativos dos gastos que se acompañen terán que ser orixinais e poderán ser devoltos á Entidade beneficiaria da subvención, se así o solicita, unha vez seladas polo órgano xestor.

No seu caso, acta de recepción.

Dúas fotografías do investimento realizado

Declaración responsable na que se indique e xustifique a causa das desviacións, que de ser o caso, acaeceran entre o presuposto estimado e o gasto efectivamente xustificado.

Acreditación do pagamento das facturas ou documentos anteriores: o pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes do remate do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que, segundo o establecido no artigo 7 da Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, non poderán pagarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional cun importe igual ou superior a 2.500,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira. Para efectos do cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagamentos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pagamento definidos no artigo 34.2 da Lei 10/2010, de 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, isto é, o papel moeda e a moeda metálica, nacionais ou estranxeiros; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concibido para ser utilizado como medio de pagamento ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se pague en efectivo deberá constar na dita factura a expresión “Recibín en efectivo en data \_\_\_\_\_” asinada polo receptor coa súa identificación (NIF, nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pagamento das facturas que se lle imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas: estas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento no que se regulan as obrigas de facturación.

Estarase á normativa vixente en cada momento

Declaración responsable na que poña de manifesto que os bens inventariables serán destinados ao fin para o que foi outorgada esta subvención, polo menos, por un período de 2 anos.

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, acción ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, cumprindo as condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.



Declaración responsable na que se faga constar que a entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

Declaración responsable de que o beneficiario asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao aboamento da correspondente subvención.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a súa conta xustificativa, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non estea ao corrente en cumprir as súas obrigas tributarias e/ou fronte á Seguridade Social e/ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

O incumprimento destas condicións será causa de perda da axuda concedida por incumprimento das obrigas do beneficiario, de conformidade co sinalado nos artigos 14, 18.4 e concordantes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

En todas as declaracións deberá constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade.

#### **Décima.- Publicidade das subvencións outorgadas**

Segundo a normativa vixente, e en concreto de acordo co establecido no artigo 30 do regulamento da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión desta subvención terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social do beneficiario, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresións, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida. No caso de subvencións plurianuais, importe total concedido e distribución de anualidades.

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvención de Galicia, o beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorran algunha das causas previstas na letra d do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.

Así mesmo se informa ao beneficiario desta subvención da existencia do Rexistro Público de Subvencións que pode ser consultado na seguinte dirección: <http://www.pap.minhap.gob.es/bdmstrams/index> e da posibilidade de que poda facer valer os extremos previstos no artigo 5 da lei 15/1999, de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, “Dereito de información na recollida de datos”.

Esta subvención reflíctese no Rexistro Público de Subvencións coa seguinte descrición.

EPÍGRAFE	CÓDIGO	DESCRICIÓN
OBXECTO	4	Inversións e cobertura de custos ou do déficit (indistinto)
TIPO DE SUBVENCIÓN	1	Subvencións non calificables como axudas de Estado a empresa
SECTOR ECONÓMICO	R	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento
FINALIDADE	11	Cultura
IMPACTO DE XÉNERO	2	Nulo. Cando non existindo desigualdades de partida en relación a igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes, non se prevea modificación



		alguna desta situación
INSTRUMENTO DE AXUDA	SUBV	Subvención e entrega dineraria sen contraprestación

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:

[http://www.deputacionlugo.org/portal\\_localweb\\_ag/p\\_20\\_contenedor1.jsp?seccion=s\\_fdes\\_d4\\_v1.jsp&tipo=6](http://www.deputacionlugo.org/portal_localweb_ag/p_20_contenedor1.jsp?seccion=s_fdes_d4_v1.jsp&tipo=6)

#### **Undécima.- Vixencia do convenio**

O presente convenio se perfecciona pola prestación do consentimento das partes.

A vixencia do convenio será o 31 de decembro de 2018, comezará no momento da súa sinatura, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2017, aínda que en calquera momento e antes da finalización deste prazo os asinantes poderán acordar unanimemente a prórroga do convenio, por un periodo de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

O anterior é sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera haber lugar, e das obrigas que como contratante incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo entre as partes, mediante a subscripción da addenda de modificación respectiva.

#### **Duodécima.- Prazos de Xustificación**

Unha vez finalizada a acción ou comportamento, a Entidade beneficiaria da axuda, deberá xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado e en todo caso, como máximo o día 31 de marzo de 2018. Logo de transcorrer o prazo sen ter presentada a documentación xustificativa, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa achegada. O incumprimento deste prazo adicional dará lugar a perda do dereito a percibir a axuda outorgada e demais responsabilidades previstas na Lei Xeral de Subvencións e demais normativa de aplicación.

Cando conorra causa de resolución do convenio e existan actuacións en curso de execución, tales como a tramitación necesaria para a aprobación da conta xustificativa achegada polo beneficiario e para o aboamento do importe da subvención, mediante a subscripción deste convenio, as partes asinantes poderán acordar a continuación e finalización das devanditas actuacións en curso, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, dun máximo dun ano, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

#### **Decimo terceira.- Carácter do convenio**

O presente convenio ten carácter administrativo e rexerese, ademais de polo disposto nel, polas normas de Dereito Administrativo que directamente ou por analogía puidesen resultar de aplicación. En particular, resulta aplicable o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo, nas bases de execución do orzamento xeral da Excm. Deputación Provincial e no plan estratéxico de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo para as anualidades 2017, 2018 e 2019.

A xurisdición contencioso – administrativa será a competente para resolver todas as cuestións litixiosas que poidan xurdir.

### **CLÁUSULAS ADICIONAIS**

#### ***Bens inventariables***

De conformidade co establecido no artigo 31 da LXS, no suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables seguiranse as seguintes regras:



A Entidade beneficiaria deberá destinar os bens ao fin concreto para o que foi concedida esta subvención por un período de dous anos.

O incumprimento da obriga de destino referida anteriormente, que se producirá en todo caso co alleamento ou o gravame do ben, será causa de reintegro, nos termos establecidos no capítulo II do título II da LXS quedando o ben afecto ao pagamento do reintegro calquera que sexa o seu posuidor, salvo que resulte ser un terceiro protexido pola fe pública rexistral ou se xustifique a adquisición dos bens coa boa fe e xusto título ou en establecemento mercantil ou industrial, no caso de bens mobles non inscribibles.

Non se considerará incumplida a obriga de destino referida no paragrafo anterior cando se dean algunha das seguintes circunstancias:

Tratándose de bens non inscribibles nun rexistro público, que se substituísen por outros que sirvan en condicións análogas ao fin para o que se concedeu a subvención e este uso se mantéña ata completar o período establecido, sempre que a substitución fora autorizada pola Deputación de Lugo.

Procurarase a sinatura electrónica deste convenio, procedendo neste caso a aplicación do artigo 46 da lei 40/2015, de 01 de outubro, LRXSP, no que se refire ao arquivo electrónico de documentos.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan e para este só efecto e por triplicado no mesmo lugar e data anteriormente indicado.

O Presidente,  
P.D. Decreto n.º 0402/2017, de data 24-02-2017  
O Deputado Provincial

O representante da entidade

Álvaro Santos Ramos

Tania Fernández Lombao

O secretario xeral

Cristóbal Víctor Fraga Bermejo